WIKIPEDIA

Lingua chukchi

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua chukchi** (лыгъоравэтлъэн йилыйил, łygʼoravetłʼɛn jiləjil), tamén *luoravetlana*, *chukcha* é unha das linguas paleosiberianas faladas polos chukchis no punto máis extremo de Siberia, en especial no *Okrug Autónomo* de Chukotka.

Chukchi *лыгъоравэтлъэн йилыйил*	
Falado en:	Rusia
Rexións:	Chukotka
Total de falantes:	7.742 (Censo de Rusia 2002)
Familia:	Linguas chukotko-kamchatkanas Norte **Chukchi**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	ckt (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=ckt)

Índice

Falantes

Conforme o Censo ruso de 2002, cerca de 7.700 (outras [1] estimativas indican hoxe 10.400) dos 15.700 *Chukchis* falan *Chukchi*. O coñecemento da lingua *Chukchi* vén caendo e a maioría dos *Chukchis* falan ruso e apenas 500 din non falar *ruso*. O chukchi relaciónase co koryak, e a metade dos *chukchis* entenden esa lingua. A lingua, xunto co *koryak*, o kerek, o alutor, o itelmen, forma parte das Linguas chukotko-kamchatkanas.

No "Libro vermello das Linguas en Extinción (Red Book of Endangered Languages) da UNESCO o *chukchi* está listado como unha lingua en proceso de extinción.

Uso do idioma

Moitos dos chukchis aínda usan a lingua como primeiro medio de comunicación, tanto na familia, como nas actividades de pastoreo, crianza de renos e tamén nalgunhas actividades de negocios. O *chukchi* é tamén usado nos "Media", Radio e Televisión. Porén, o ruso vén aumentando nas actividades administrativas, sendo tamén unha lingua franca nos territorios veciños habitados por *non-chukchis*, como koryak e iacut. Case todos os *chukchis* falan ruso, con maior ou menor fluencia e dominio. Na educación, o *chukchi* é a lingua primeira, na escola elemental, porén, a educación secundaria é en "ruso" mentres que o "chukchi" é só unha materia.

Un escritor chukchi, "Yuri Rytkheu" (1930-2008) adquiriu moita reputación tanto en Rusia como en Europa Occidental, coa maioría dos seus libros escritos en *ruso*, non en *chukchi*.

Influencias externas

Non hai aínda un estudo definitivo sobre influencias externas no *chukchi*. Aínda está indefinida a real relación da lingua coas Linguas esquimó-aleutianas. As pescudas son difíciles por mor da falta de suficientes rexistros escritos. A influencia por contacto coa Lingua rusa está a medrar e consiste no uso de palabras rusas e algunha presión na sintaxe superficial. Esta última pódese observar na comunicación escrita, porén, non na conversa cotiá.

Ortografía

No inicio do século XX, *Vladimir Bogoraz*, un revolucionario ruso exiliado en Chukotka, descubriu mostras de escrita pictográfica feitas por *Tenevil*, un criador de renos. A escrita de *Tenevil* era da súa invención e nunca foi usada fóra do seu grupo familiar. Ata 1931 non había unha ortografía oficial, aínda que houbo diversas tentativas no século XIX para escribir de textos relixiosos. O Chukchi escribíase orixinalmente no Alfabeto latino, porén, en 1930 cambiouse ao Alfabeto cirílico. A primeira gramática foi escrita en 1922 por Vladimir Bogoraz. Bogoraz escribiu tamén un estudo etnográfico sobre a lingua. Porén, desde aquela poucos libros e xornais foron escritos en *chukchi*, A lingua pódese escoitar no radio e na televisión preto dunha hora por día.

Alfabeto Latino para chukchi:

A a	Ā ā	B b	C c	D d	E e	Ē ē	Ə ə
Ə̄ ə̄	F f	G g	H h	I i	Ī ī	J j	K k
L l	M m	N n	Ŋ ŋ	O o	Ō ō	P p	Q q
R r	S s	T t	U u	Ū ū	V v	W w	Z z
Ь ь							

Este é o *Alfabeto Latino* de 24 letras, sen X, sen Y. As 5 vogais preséntanse *con* e *sen Macron* (Ā). Engándense as letras Ə, Ə̄, e o sinal gráfico Ь.

En 1937, os Chukchis e outros pobos da URSS foron forzados a usar o Alfabeto cirílico, que no inicio era simplemente o usado polos rusos, coa adición das letras antigas **К’ к’** e **Н’ н’**. Nos anos 50, porén, empezaron a ser usadas as letras Ӄ ӄ e Ӈ ӈ, principalmente para fins educativos. Aínda que na prensa só se usaban as letras tradicionais. Na fin dos anos 80, a letra Ӆ ӆ (Л con "gancho")substituíu o **Л**, para evitar confusión de pronuncia, ata entón con ese **Л** ruso.

O alfabeto "Chukoto" agora é como segue:

А а	Б б	В в	Г г	Д д	Е е	Ё ё	Ж ж
З з	И и	Й й	К к	Ӄ ӄ	Ӆ ӆ (Л л)	М м	Н н
Ӈ ӈ	О о	П п	Р р	С с	Т т	У у	Ф ф
Х х	Ц ц	Ч ч	Ш ш	Щ щ	Ъ ъ	Ы ы	Ь ь

Э э	Ю ю	Я я	'

Trátase do Alfabeto cirílico aumentado coas letras Ӄ ӄ, Ԓ ԓ, Ӈ ӈ e do Diacrítico '. As letras Б, Д, Ж, З, Ф, Х, Ц, Ш, Щ son usadas sómente en palabras de orixe *rusa*.

Oito combinacións de letras son moi usadas: Йи, Че, Чь, Ле, Лё, Ль, Ль, Лю

Notas

1. http://www.omniglot.com/writing/chukchi.htm "Omniglot"

Véxase tamén



Vexa a proba da Wikipedia en ***Lingua chukchi (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/ckt)***

Bibliografía

- Comrie, B. 1981. *The languages of the Soviet Union*, Cambridge University Press (Cambridge Language Surveys). ISBN 0-521-23230-9 (hardcover) and ISBN 0-521-29877-6 (paperback)
- Nedjalkov, V. P. 1976. "Diathesen und Satzstruktur im Tschuktschischen". In *Studia Gramatika* 13, Berlin (G.D.R) (in German language)
- Skorik, P. Ja. 1961. *Grammatika čukotskogo jazyka: Fonetika i morfologija imennyx častej reči* (2 Volumes). Leningrad: Nauka.
- Bogoras, W. 1922. "Chukchee". In *Handbook of American Indian languages* II, e. F. Boas, Washington, D.C.

Ligazóns externas

- Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=ckt)
- Chukotoho - Homepage (http://privatewww.essex.ac.uk/~spena/Chukchee/CHUKCHEE_HOMEPAGE.html)
- Omniglot - escrita Chukoto (http://www.omniglot.com/writing/chukchi.htm)
- Endangered Languages of Siberia - The Chukchi language (https://web.archive.org/web/20071020011049/http://lingsib.unesco.ru/en/languages/chukchi.shtml.htm)
- Russio -Chukchi - Livro de frase (http://chukchi.efenstor.net/)
- Population by mother tongue and districts in 50 Governorates of the European Russia in 1897 (http://demoscope.ru/weekly/ssp/rus_lan_97_uezd_eng.php)